

**DONA MARÍA LUISA DE LA RED AMPUDIA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE CAMBRE (A CORUÑA)**

**CERTIFICO:**

Que o Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día vinte e nove de outubro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**“2. PARTE RESOLUTIVA**

**2.1. Aprobación, se procede, das bases do XII Concurso de Escaparates de Nadal**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, de data 14 de outubro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta que o Concello de Cambre, a través da súa Axencia de Desenvolvemento Local ven promovendo unha serie de actuacións de cara a dinamizar o tecido empresarial en xeral e o sector comercial, servizos e hostalería en especial, debido ao seu elevado peso específico dentro do territorio.

Tendo en conta que dende o ano 2002 vense desenvolvendo o concurso de escapatismo do Nadal, que logo de varios anos nos que non se celebrou, na anualidade anterior volveuse a retomar cuns resultados moi satisfactorios polo que se considera necesario a súa continuidade.

Tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 25.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, de bases de réxime local, o Concello de Cambre pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Visto que a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 está afectando de maneira significativa aos comercios, servizos e á hostalería, propiciado polo descenso nos consumos e a falta de liquidez da poboación. Isto unido aos numerosos centros e espazos comerciais que se están a instalar na nosa área metropolitana nos últimos anos, lévanos a manter liñas de actuación de cara a: mellorar a imaxe dos nosos establecementos creando espazos comerciais máis atractivos para o consumidor/a, fomentar a utilización de técnicas de márketing e merchandising entre as nosas empresas, inculcar nos nosos empresarios/as a importancia da imaxe do seu establecemento de cara a mellorar as súas vendas, promover as vendas no noso concello en detrimento das novas áreas e centros comerciais instalados na comarca, conseguir que os nosos establecementos sexan competitivos e atractivos para o consumidor, fomentar o consumo no municipio por parte dos nosos veciños/as e dos da área metropolitana, fidelizar os clientes, etc.

Visto o éxito obtido na campaña do ano 2019 e anteriores e debido as grandes dificultades polas que está pasando na actualidade o pequeno comercio, os servizos e a hostalería resulta imprescindible desenvolver un ano máis o Concurso de Escaparates de Nadal 2020/2021.

Por último, o prazo de inscrición será dende o 1 ao 15 de decembro de 2020, tendo en conta que a campaña de dinamización comercial iníciase o día 1 de decembro de 2020, e por outra banda aos efectos de motivar e fomentar a instalación de escaparates ambientados no Nadal por parte dos establecementos do municipio e así crear un ambiente propicio que axude a aumentar as vendas, é fundamental que poidan presentar as súas solicitudes nestas datas.

Tendo en conta o informe emitido polo técnico en Promoción Económica, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local de data 14 de outubro de 2020, **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**Primeiro:** aprobar inicialmente as bases para a convocatoria do **XII Concurso de escaparates de Nadal 2020/2021 do Concello de Cambre**, tal e como se transcribe a continuación así como a súa convocatoria e modelo de solicitude (anexo I).

**Bases de desenvolvemento e participación no XII Concurso de Escaparates de Nadal Concello de Cambre 2020/2021**

**Primeira.- Obxecto e finalidade.** Esta iniciativa ten por obxecto incentivar aos establecementos do municipio para que decoren os seus locais, tendo en conta a importancia que ten a súa imaxe sobre os compradores e polo tanto sobre o volume de vendas, especialmente nestas datas tan sinaladas. A finalidade polo tanto, é facer que a oferta comercial e de servizos sexan atractivos para os consumidores e, á súa vez, mellorar a humanización dos espazos comerciais no municipio.

**Segunda.- Participantes.** Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais, servizos e hostalería que desenvolvan a súa actividade económica no termo municipal de Cambre e que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos todos os requisitos para o exercicio da actividade.
- Ter un establecemento aberto ao público.
- Ter escaparate decorado con motivos de Nadal como mínimo durante o período comprendido entre o 14 de decembro de 2020 e o 5 de xaneiro de 2021.

**Terceira.- Inscripción e presentación de solicitudes.** Para participar no concurso, deberán presentar no Rexistro do Concello de Cambre unha **solicitude de inscrición**, segundo o modelo creado para tal efecto e que se inclúe como anexo I a estas bases. A solicitude poderá presentarse tamén na sede electrónica do Concello de Cambre: <https://sede.cambre.es/opencms/gl/>

A solicitude deberá presentarse polo autónomo ou empresario individual ou polo representante legal da empresa, en caso de que o participante sexa unha persoa xurídica.

Unha vez rematado o prazo de inscrición elaborárase unha listaxe de establecementos participantes.

**Cuarta.- O prazo de inscrición.** Dende o día 1 ao día 15 de decembro de 2020.

**Quinto.- Premios.**

Establécense dous categorías de premios dotados coas seguintes contías:

- a) **Primeira categoría: Premios (1º, 2º e 3º)**
- Primeiro premio: 900,00 euros (novecentos euros).
  - Segundo premio: 700,00 euros (setecentos euros).
  - Terceiro premio: 500,00 euros (cincocentos euros).
- b) **Segunda categoría Accésits**
- Accésit á orixinalidade: 400,00 euros (catrocentos euros).
  - Accésit á colaboración entre participantes: 700,00 euros (setecentos euros).
  - Accésit ao máis sostible: 400,00 euros (catrocentos euros).
  - Accésit á adecuación ao produto: 400,00 euros (catrocentos euros).

Ao importe destes premios aplicaranse as retencións previstas na normativa vixente.

#### **Sexta.- Desenvolvemento do concurso.**

- 6.1. Unha vez rematado o prazo de inscrición elaborárase a listaxe de admitidos no XII concurso de escaparates do Nadal 2020/2021 que será publicado na páxina web municipal.
- 6.2. Os establecementos que participen no concurso estarán identificados con un cartel que indique a súa participación e que lles será entregado polo Concello de Cambre. Deberá colocarse nun lugar ben visible do escaparate.
- 6.3. As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado a partir do día 16 de decembro de 2020 e/ou hábiles sucesivos, se fora necesario.
- 6.4. Os establecementos participantes comprométese a manter os seus escaparates decorados dende o inicio da campaña de Nadal ata o día 5 de xaneiro de 2021, e non poderán modificalo ao longo do período anteriormente citado.
- 6.5. Criterios de adxudicación dos premios

#### **Primeira categoría: 1º, 2º e 3º**

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar para cada un dos seguintes criterios:

- A creatividade da decoración: ata 3 puntos.
- A orientación comercial da decoración: ata 3 puntos.
- A iluminación do establecemento: ata 3 puntos.
- A composición e adecuada distribución espacial: ata 3 puntos.

#### **Segunda categoría: Accésits**

- A adxudicación do Accésit á orixinalidade farase tendo en conta unicamente dito criterio.
- A adxudicación do Accésit á colaboración farase tendo en conta a cooperación e coordinación entre establecementos participantes na realización da decoración, servizos comúns etc.
- A adxudicación do accésit á sustentabilidade farase tendo en conta o criterio de economía sostible é dicir, o respecto co medio ambiente e o uso racional dos recursos naturais, etc.
- A adxudicación do accésit á adecuación do escaparate ao produto farase tendo en conta a relación entre a decoración do escaparate e os produtos ou servizos comercializados.

Só poderá obterse un premio ou accésit por participante agás o accésit á colaboración que poderá ser compatible cos premios da primeira e segunda categoría.

- 6.6. O fallo do xurado será inapelable e farase público antes do día 30 de decembro de 2020. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos se o considera oportuno. A participación suporá a aceptación da decisión do xurado.

Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable. O resultado do concurso, que quedará reflectido na acta correspondente e darase a coñecer a través de anuncio na páxina web do Concello de Cambre e nas redes sociais.

- 6.7. Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado estean ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa Seguridade Social e que non sexan debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións. **O participante, mediante a sinatura da súa solicitude de participación no concurso, autoriza ao concello a realizar as comprobacións oportunas.**

O alcalde, ou concelleiro en quen delegue, ditará resolución de aprobación de concesión dos premios. Posteriormente ditarase resolución de recoñecemento e liquidación das obrigas en concepto de premios do XII concurso de escaparates do Nadal 2020/2021, así como do seu aboamento. Os premios daranse a coñecer a través da páxina web do concello e redes sociais

- 6.8. Non poderán obter a condición de premiadas as persoas ou entidades nas que non concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.
- 6.9. Os premios faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados e estarán suxeitos ás retencións previstas pola lexislación vixente en materia tributaria. Para a realización do pagamento deberá presentarse polo beneficiario certificado do núm. IBAN de conta corrente titularidade do premiado.

**Sétima.- O xurado.** O xurado estará composto polo concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, con voz pero sen voto e, polo menos, dous representantes do mundo comercial, artístico, deseño e decoración, ou equivalentes especializados se é o caso, na implantación de técnicas de merchandising e/ou no tratamento da imaxe.

**Oitava.- Aceptación das bases.** O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar as bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se publicarán no *Boletín oficial da provincia* da Coruña e que se atoparán expostas na páxina web municipal [www.cambre.es](http://www.cambre.es). Ditas bases poden ser consultadas por calquera persoa interesada. Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

**Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128 [adl@cambre.org](mailto:adl@cambre.org)**

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO XII CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2020**

DATOS DA EMPRESA				
Razón social				
CIF/NIF/DNI/NIE				
Nome comercial				
Actividade principal				
Enderezo				
C.P.		Localidade		Provincia
Telefono/s		Correo electrónico		
DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de persoas xurídicas)				
Nome e apelidos				
DNI/NIE				
En calidade de				
DATOS DO/A DECORADOR/A				
PROFESIONAL				
Nome e apelidos				
NON PROFESIONAL				
Nome e Apelidos				
Cargo na empresa				

**Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases deste concurso.**

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas na base sexta, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.

A presentación da presente comportará a autorización para a obtención das fotografías das persoas ou establecementos participantes.

**Cambre, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de**  
**20\_\_\_\_\_ Sinatura do titular ou**  
**representante legal**

**Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Cambre (A Coruña)**

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

**NOTA:** Os prazos de solicitude quedarán condicionados á aprobación definitiva das Bases da convocatoria pública do XII Concurso de Escaparatismo 2020- 2021, e da súa convocatoria.

**Segundo:** Aprobar o gasto correspondente por importe total de **catro mil euros (4.000,00 euros)**, imputables á aplicación orzamentaria “433 48100 Becas e premios promoción empresarial”

**Terceiro:** Publicar os presentes acordos no *Boletín Oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

**Cuarto:** No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria do XII Concurso de Escaparates do Nadal 2020/2021 do Concello de Cambre, e publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na páxina web municipal.

**Quinto:** Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Sexto:** Dar traslado aos servizos económicos para os efectos oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 22 de outubro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.”

E para que conste e produza os oportunos efectos e coa salvidade e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente (artigo 206 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) asino esta certificación por orde e co visto e prace do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño. Cambre, na data da sinatura electrónica.

Visto e prace  
O alcalde

A secretaria xeral

Óscar A. García Patiño